**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 18/11/2024**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/11/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11 de novembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2024/4307**
Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando o cambio de data para a realización do Magosto Popular na Praza de Galicia para o día 9 de novembro de 2024, dado que na data inicial xa hai outra actividade na Praza de Galicia, polo que é imposible realizalo ese día.
Dáse conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/4346**
Dáse conta de escrito presentado por D. José Manuel Aldea Moscoso, en representación de OUVIRMOS SL, empresa concesionaria pola Consellería de Facenda e Administración Pública para a xestión loxistrica da exposición itinerante "Promoción de actuacións financiadas cos Fondos Europeos" para realizar a citada exposición composta por 4 cubos de 1,40 m de ancho por 2 m de alto, por un período de 7 días, do 7 ao 14 de novembro de 2024 no Parque Miguel Hernández.
Dáse conta de Informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/4353**
Dáse conta de escrito presentado por D. Ramón García Torrado solicitando o cambio de sentido de circulación da Tv. San Cibrán, que foi establecido fai tempo para evitar a incorporación de vehículos desta vía á Avda. de Cambados, debido a estreiteza destra travesiá, realizandose con posterioridade mellora para a incorporación na confluencia da Rúa San cibrán con Avda. de Cambados.

Visto o informe da Policía Local, aXunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, procedendo a cambiar o sentido de circulación da Travesía San Cibrán, poñendo en sentido de criculación San Cibrán á Avda. de Cambados, polo que se deberá realizar un cambio de sinalización de entrada prohibida (sinal R-102) e sinalización de STOP (sinal R-2) á altura da Avda. de Cambados.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

**PRP2024/4381**
Dáse conta de escrito presentado por Dona Laura Rodríguez Rey, solicitando autorización para celebrar o décimo aniversario da tenda TETERETA, en Rúa Cobian nº 2, coa actuación dun grupo de música en vivo na vía pública, de 19:00 a 21:00 horas, o día 16 de novembro de 2024, así como degustación de té na Rúa.
Dáse conta de informe favorable da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/4405**
Dáse conta do escrito presentado por D. Arturo Ramón Fajardo Piñeiro, en representación de JOSE FAJARDO SL, solicitando autorización para instalar unha foodtruck o día 24 de novembro de 2024 con motivo da probra de media maratón, en horario da proba, para repartir petiscos de forma gratuíta, dentro da campaña de promoción de produtos de mar e da terra que está a levar a cabo a Consellería do Mar.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado concedendolle autorización para instalar a foodtruck na Ava. da Mariña (Alameda), non interferindo no circuito da proba e debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2024/4412**
Mediante Resolución de transferencias, do de 11 de xullo de 2024 , da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2024 (BOE 19 de xullo de 2024). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18.623,45€.
A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondo, corresponde á Área de Igualdade-CIM.
A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1

de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2025.
O 25N conmemorase o Dia Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.
A Área de Igualdade vai desenvolver diferentes accións encamiñadas á loita contra a violencia machista que terán lugar nas datas próximas ao 25 N.
A Área de Igualdade - CIM ten prevista a realización dunha campaña de sensibilización sobre violencias machistas , así como distintas actividades conmemorativas de dita data entre as que se encontra a lectura pública do Manifesto polo 25N realizado polo Consello Local da Muller e aprobado polo Pleno do Concello.
Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos:

| | | | |
|---|---|---|---|
| VIÑAS PUBLICIDADE SL | Distribución e colocación cartelería en establecementos | 302,50 € | 2312.22603 |
| BAÑOS PRINT SL | Impresión 150 cartaces | 141,57 € | 2312.22602 |
| FEDERACIÓN ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA | Servizo de interpretación en lingua de signos | 91,36€ | 2312.22615 |

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

### PRP2024/4242

Unha vez feito o trámite correspondente en X.G.L. de denuncia dos convenios Económico Cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas asociacións que levan a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Non Municipais, pola Concellería de Cultura PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local acordar a aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Confraría de Pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán co fin de colaborar nos gastos de mantemento da Axencia de Lectura de Vilaxoán, que se atopa situada en terreos da Confraría, así como nos gastos (consumo eléctrico, auga, limpeza…) que conleva o uso das propias instalacións da Confraría (SALÓN DE ACTOS) por diferentes colectivos.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio, segundo o cal o Concello colaborará anualmente nun 50% dos gastos correntes derivados do consumo eléctrico, auga e mantemento das instalacións, sen que en ningún caso poida superarse a contía de 6.000,00 e, con cargo á aplicación orzamentaria 334.448201.

## CONTRATACIÓN

### PRP2024/4377

Dáse conta de Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se aproba o repartimento das cantidades que lle corresponde a cada concello ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa os importes que se recollen na seguinte táboa:

| CONCELLO | POBOACIÓN | SUBVENCIÓN FIXA | SUBVENCIÓN VARIABLE | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Vilagarcía de Arousa | 37.689 | 75.000,00 € | 237.190,88 € | 312.190,88 € |
| (...) | (...) | (...) | (...) | (...) |
| TOTAL | 568.058 | 4.425.000,00 € | 3.575.000,00 € | 8.000.000,00 € |

A aprobación do repartimento queda condicionada á aprobación definitiva pola Deputación Provincial do expte. de modificación do orzamento 4/2004 (expte. de suplemento de créditos “SUP. 04/24”) (expte. 2024066943).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2024/4418

Visto o expediente de gasto INT/2024/540 integrado pola relación de xustificantes F/2024/141 por importe de 6.871,93€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/141 por importe de 6.871,93€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Economica | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/5915 | D01 8242 | 30/08/2024 | 5.556,93 | 135 | 22104 | PEYCAR PONTEVEDRA, S. L. | BUZO IGNIFUGO FORESTAL LUME 2 / BOTA CAT II.EXTINCIÓN TOP GTX FAL / CASCO F2 XTREM / PROTECTOR DE CUELLO CAT.II AMARILLO |
| F/2024/7850 | P- 240506 | 12/11/2024 | 1.315,00 | 135 | 22799 | IDDUN CONSULTING AROUSA, S.L. | CURSO BRIGADAS FORESTAIS DEFENSA DE INCENDIOS. FECHA IMPARTICION 12/08/2024 AL 13/08/2024. ACUERDO GOBIERNO PRP2024/3078 |
| | | TOTAL | 6.871,93 | | | | |

### PRP2024/4419

Visto o expediente de gasto INT/2024/543 integrado pola relación de xustificantes F/2024/142 por importe de 47.849,37€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/142 por importe de 47.849,37€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/5583 | A 2024/A/491 | 30/06/2024 | 2.541,00 | 164 | 62300 | REMOL-CAR JUAN BARREIRO, S.L. | REMOLQUE 2.30X1.30. DOS EJES CON FRENO DE INERCIA BASTIDOR NUMERO: UB3RZ2230RV000248 PARTIDA CONCELLO 164.62300 SANDIDA |
| F/2024/5808 | Emit- 240354 | 27/08/2024 | 544,50 | 164 | 204 | ALVEGAL, S.L. | 3629MRB TOWNSTAR , AQLUILER VEHICULO PARA SERVICIOS FUNERARIOS , MANTEMENTO CEMITERIOS |
| F/2024/6015 | 20242119 | 31/08/2024 | 2.393,19 | 920 | 22706 | SOLU. AVAN. INFORM. APLICADA, S.L. | Cuota Mensual SAAS G7 CLOUD mes en curso / Cuota Mensual SAAS Por Empleado mes en curso |
| F/2024/6041 | 01 4 | 22/02/2024 | 528,00 | 231 | 22610 | ORGANIZ. DE XORDOS DE GALICIA-XOGA | CONGRESO INTERNACIONAL DE INXURGA XOVES 22 DE FEBREIRO / DE 16:00 A 20:00 A 66€/HORA/ 2ILS |
| F/2024/6082 | Emit- 600 | 30/08/2024 | 4.820,47 | 160 | 210 | INTERMACO, S.L. | TUBO SN4 315 ( ORDE DE COMPRA 16750 RESPONSBLE DE COMPRAS RICARDO PIICHEL APROBADO XGL 05/08/24 ) / ARO 0.80*0.50 ( OR |
| F/2024/6143 | V-FAC+ FV24-1316 | 12/09/2024 | 3.607,01 | 9201 | 22706 | OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L. | Acrobat Pro for teams Multi European Languages Subscription New / Creative Cloud for teams All Apps Multi European Langu |
| F/2024/6193 | Emit- 240404 | 08/09/2024 | 1.028,50 | 132 | 204 | ALVEGAL, S.L. | 4073 NISSAN TOWNSTAR , ALQUILER SERVICIOS POLICIA LOCAL |
| F/2024/6470 | FE24 192 | 17/09/2024 | 963,92 | 454 | 210 | MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, S.L. | ORDE DE COMPRA Nº: 16842 / TM AGLOMERADO TIPO D12 ALBARÁN Nº: 17749 / TM EMULSIÓN TIPO C60B2 (TERMOAD.) ALBARÁN Nº: 1774 |
| F/2024/6492 | Emit- 141 | 17/09/2024 | 2.876,78 | 931 | 215 | TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL | Mesa Rol 100 cm, pie negro. Tapa grafito. / Silla Light 17, 4 patas negro, malla negro, bonday 30 burdeos. / Silla TRIM |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/6494 | Emit- 240115 | 17/09/2024 | 479,16 | 334 | 62500 | COFRIVI, S.L. | MOLINILLO CAFE MEKESTRESS MODELO MC 20 ( INSTALADO EN AA VV CC O SOUTO RUBIANS ) |
| F/2024/6495 | Emit- 0001 | 26/08/2024 | 12.777,60 | 338 | 22799 | WAKE UP PRODUCCIONES, S.L. | PERSOAL DE PRODUCCIÓN MONTAXA E DESMONTAXE / PERSOAL DE MANTEMENTO DIARIO DE 08:00 A 18:00 / MATERIAL DE INFRAESTRUCTURA |
| F/2024/6564 | FACF-2020 426 | 19/09/2024 | 232,32 | 334 | 22699 | FUNDICIONES REY, S.L. | ESCULTURA CAMELIA |
| F/2024/6578 | IN 00000005 | 06/09/2024 | 3.593,70 | 150 | 640 | MONDELO, S.L. | Aprobado en Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada el 30 de Enero de 2023 / CONTRATACIÓN: PRP2023/3155 CT 65/ |
| F/2024/6581 | 24001736 0 | 19/09/2024 | 344,49 | 9201 | 22706 | SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L. | INTERVENCIÓN (mano de obra) ( PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMATICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS PAVELLON FONTECA |
| F/2024/6706 | VILLA 10-2024 | 28/09/2024 | 1.452,00 | 150 | 22706 | BERMOR ABOGADOS, S.L. | Minuta que presenta la sociedad BER Y MOR ABOGADOS SL, por el asesoramiento urbanístico prestado a la entidad de referen |
| F/2024/6723 | REP-24 009 | 30/09/2024 | 229,90 | 334 | 22602 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | SEPTIEMBRE-Reparto de material publicitario de actividadess de caracter cultural. |
| F/2024/6730 | C1 C124003167 | 30/09/2024 | 4.406,82 | 132 | 204 | AUTOS IGLESIAS, S.L. | ALQUILER ( FORD KUGA ST-LINE X 2.5DURATEC FHEV 190 CV AUT. - 0585-MKM ) / ALQUILER ( TOYOTA RAV 4 HIBRIDO 200H AUTOM. 4X |
| F/2024/6778 | 02148000027224F | 30/09/2024 | 2.819,01 | 2311 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |
| F/2024/7292 | 24-09 | 14/09/2024 | 225,00 | 334 | 22609 | GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83 | ALBORADA POR GUILLÁN O 14 DE SETEMBRO POLAS FESTAS DE SANTA MARÍA 2024. |
| F/2024/7293 | 004/2.024 | 07/10/2024 | 335,00 | 334 | 22609 | ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER | MISA CELEBRADA NA CAPELA DE SAN MIGUEL DE TRABANCA BADIÑA O 29 DE SETEMBRO DE 2024 NA HONRA A SAN MIGUEL |
| F/2024/7298 | 005/2.024 | 07/10/2024 | 335,00 | 334 | 22609 | ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER | MISA CELEBRADA NO PAVILLÓN DA TORRE O 26 DE OUTUBRO DE 2024 NA HONRA A SAN MIGUEL. |
| F/2024/7305 | 20120018 | 28/07/2024 | 350,00 | 334 | 22609 | ASOC. CUL. LUMARADA | PASARRÚAS NA LAXE 28 DE XULLO DE 2024 POR SANTA MARTA |
| F/2024/7306 | 20120019 | 04/08/2024 | 225,00 | 334 | 22609 | ASOC. CUL. LUMARADA | PASARRÚAS NO SIXTO DOMINGO 04 DE AGOSTO 2024 |
| F/2024/7308 | 20120021 | 21/09/2024 | 350,00 | 334 | 22609 | ASOC. CUL. LUMARADA | ACTUACIÓN NA FESTA DO CHURRASCO EN CORNAZO O 21 DE SETEMBRO DE 2024 |
| F/2024/7309 | 24-10 | 05/10/2024 | 391,00 | 334 | 22609 | GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83 | ALBORADA POR A TORRE O 5 DE OUTUBRO POLAS FESTAS DE SAN MIGUEL 2024. |
| | | TOTAL: | 47.849,37 | | | | |

**PRP2024/4421**

Visto o expediente de gasto INT/2024/505 integrado pola relación de xustificantes F/2024/129 por importe de 3.756,05€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/129 por importe de 3.756,05 € coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Programa | Económica | Importe Total | Tercero | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2024/6652 | 24SF10229267 | 25/09/2024 | 241 | 22000 | 46,08 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 241 EMPREGO Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL03078DNNE AVDA. DE |
| | | | 241 | 22000 | 0,07 | | | |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | MATOSINHOS, Nº1- BAJ |
| F/2024/6653 | 24SF10229273 | 25/09/2024 | 2412 | 22199 | 79,41 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 2412 ESCOLA OBRADOIRO Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL159635 C/AGUSTIN ROMERO, 52 V |
| F/2024/6654 | 24SF10229274 | 25/09/2024 | 3261 | 22000 | 155,30 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 3261 CONSERVATORIO Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL07174DNNE AVDA. DA MARIÑA Nº 27 |
| F/2024/6655 | 24SF10229272 | 25/09/2024 | 2311 | 22000 | 51,57 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 2311 SPAD Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL03079DNNE C/JUAN CARLOS I, Nº 38 VILAGAR |
| F/2024/6656 | 24SF10229275 | 25/09/2024 | 3262 | 22000 | 98,98 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3262 ESCOLA DE MUSICA Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL144651 AVDA. ROSALIA DE CAST |
| F/2024/6657 | 24SF10229276 | 25/09/2024 | 3321 | 22000 | 52,65 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTES 3321 BIBLIOTECAS Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL07082DNNE RUA VAZQUEZ LEIS, 16 VI |
| F/2024/6658 | 24SF10229270 | 25/09/2024 | 920 | 22000 | 3.265,61 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 920 ADMON XERAL Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL03100DNNE PLAZA DE RAVELLA, 1 VILAG |
| F/2024/6659 | 24SF10229277 | 25/09/2024 | 4311 | 22000 | 6,38 | B50570571 | SOLITIUM, S.L. | CUOTA MTO. CENTRO DE COSTE 4311 FEIRAS Período Del 1/9/2024 al 30/9/2024 (ID:SL144643 RODRIGO DE MENDOZA, Nº16 VILLAGA |
| | | | | TOTAL | 3.756,05 € | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.